

XADREZ

G-N RIV qui, G-N RIV rul, G-N RIV voc... G-N RIV que. Igual que nas dúas últimas veces que naquela semana visitara a biblioteca, o exemplar de *¿Qué me quieres, amor?* ficaba no estante, desafiante. Tomeino entre as mans con certa desesperación e aínda que no fondo sabía que sería inútil, abrino. Nada. Pasei as follas e non atopei nada. Nada a maiores das páxinas baleiras.

Dende cativo, escoitaba as historias fantásticas nas que a miña avoa xeraba un universo alternativo para mergullarnos. Eu era un auténtico bibliófilo. Acudía á biblioteca coma quen acude a unha taverna. A barra libre de libros arringleirados permitíame saciar a miña sede de curiosidade, mitigar as miñas dores e axudarme cos meus problemas. A concentración podía case respirarse naquel templo do saber. Por moito que cambiasen as cousas, por moito que tivera que buscar un traballo a media xornada para costear os estudos, nunca deixei o meu vicio. Se algo cambiou a forma de ver a biblioteca, ese sería o día aquel no que collín o libro *La insostenible levedad del ser* de Milan Kundera.

Era un día coma outro calquera, ía cos libros de historia, sentábame, e ao rato escollía con sumo coidado un exemplar dos

andeis. Pero cando abrín o libro, atopei un papel alaranxado cun recendo dulzón.

"Querido lector ou lectora,

Ante a imposibilidade de atopar a alguén con quen compartir os meus gustos literarios diríxome a vostede. Gustaríame facerlle unha proposta, quizais, estrafalaria; dígame o que opina desta obra e propóñame outra. Proporcióname o código do lombo, nada de títulos. A resposta deberá deixarse no lugar no que á atopou, e de haber varios exemplares o novo comunicado atoparase no exemplar máis antigo do libro proposto.

A única regra será a discreción, deberá deixar a nota no seu libro e marcharse. Non intente presentarse ou establecer unha conversa.

Con esperanza,
Tareixa."

Inundou o meu corazón unha forte empatía con aquela persoa, un vínculo puro aínda sen estar completamente seguro de se

sería algún tipo de broma. Como non podía ser doutro modo, lin o libro, cantas veces ocorre algo así na vida de un? Resultou que Tareixa era o nome dunha das personaxes, e pregunteime a min mesmo se estaría a empregar un nick ou se ese sería o seu nome real. Iso so engadía misterio á beleza enigmática da nosa extraña relación. Cando eu pensaba nela imaxinábame a unha moza cun vestido verde e vaporoso, camiñando pola herba seca pola calor do verán, soñadora e algo bohemia. E eu, ao seu carón, rindo.

Resposteina, dirixíndoa a *Rayuela*, de Julio Cortázar. Respostoume, *Orgullo e prexuízo*, de Austen. Joyce, Shelley, Baudelaire, Ruibal e outros moitos autores foron os nosos mensaxeiros. Era unha especie de xadrez, cada movemento era lento e estudiado. Con cada carta, compartíamos un pouco máis a nosa visión do mundo. Como era inevitable, paulatinamente falamos un pouco máis de nós mesmos. Eu rematei por preguntarlle o porqué da regra, posto que dentro do meu ser nacía unha inmensa curiosidade pola identidade de Tareixa, a rapaza do vestido verde vaporoso. A súa resposta foi: "Tomás, cuestionas todas as regras que se impoñen no teu día a día?".

Pero eu precisaba algo máis. Non era a súa aparencia, non desexo que se me considere superficial. Eu precisaba saber que ela existía realmente. Endexamais dera con alguén que se

implicara na literatura tanto coma min, con devoción e sen pedir nada a cambio.

Guiado polos meus instintos, decidín un día agardar, disfrazado entre o resto de persoas da biblioteca, para poder confirmar as miñas sospeitas de que todo aquilo era algo máis que un soño. Cheguei de mañá cedo e pasei o día ocupado únicamente en semellar atarefado. Ao redor das catro da tarde, alí estaba, unha rapaza miúda de pelo escuro e longo, colleu Unha forma de vida. A miña moza de vestido verde levaba vaqueiros e un xerseí. O seu rostro era pálido, as súas cellas definidas e densas, castañas. Os seus ollos, grandes e expresivos, revoloteaban por toda a estancia. Con algo de inqueda, sentou nunha cadeira moi próxima á miña. Os seus beizos carnosos curváronse nun cálido sorriso mentras lía a miña carta, con moita atención.

Fiquei mirándoa, e caín na conta do meu erro. Eu violara a única norma da nosa relación, rompera a nosa promesa. Sentín a necesidade de sincerarme ante unha inmensa carga de culpa.

—Tareixa, perdoo.—Susurrei.

Ela levantouse, sen dicir nin unha palabra. Colleu o libro, e marchou pola porta, mentres eu, sorprendido pola súa indiferenza, permanecía inmóbil. Cando espertei da miña

ensoñación fun trasdela, para explicarllo. Xa estaba lonxe e berrei o seu nome, pero ela foi incapaz de escoitarme.

Na súa resposta, esquivou totalmente o tema. Fixo coma se nada ocorrise, coma querendo impoñer aquelas partidas de xadrez como única vía de comunicación. Eu estaba ferido, e facíame todo tipo de preguntas. Causaríalle unha mala impresión? Avergoñaríase da nosa relación? Atormentábanme estas cuestións, polo que no seguinte libro, abordei o tema de cheo. Conteille a miña versión dos feitos e pedinlle perdón, despois "enviei" a mensaxe seguindo o noso protocolo. Entenderíaa totalmente se non era quen de desculparme.

G-N RIV qui, G-N RIV rul, G-N RIV voc... G-N RIV que. Igual que nas dúas últimas veces que naquela semana visitara a biblioteca, o exemplar de *¿Qué me quieres, amor?* ficaba no estante, desafiante. Tomeino entre as mans con certa desesperación e aínda que no fondo sabía que sería inútil, abrino. Nada. Pasei as follas e non atopei nada. Nada a maiores das páxinas baleiras. Eu estaba baleiro.

Choquei a testa contra un estante. Cómo poidera ser tan desconsiderado?

Entón decateime de que o rostro de Tareixa estaba ao outro lado da estantería. Eu permanecín quedo, mantendolle a mirada

aos seus ollos de cor avelá. Con pequenos pasos de liliputiense bordeou o moble ata chegar onda min. Con linguaxe de signos, xesticulou o que eu despois sabería que significaba: "Véxote tódolos días ao chegar, Tomás. Eu quero unha relación de biblioteca, silenciosa. Entendes?"

Colleu o libro que eu aínda sostiña entre as miñas mans, deume un bico nos beizos, e por fin, pechouno.

Icía Rodríguez Arias